

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 03 DE OUTUBRO DO 2024.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE VIDAL PEON XABIER</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:05 do día Tres de Outubro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 26/09/2024

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/311**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/09/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO "PLAN INTEGRAL DE SEÑALIZACIÓN TURÍSTICA DEL MUNICIPIO""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/322

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/09/2024. DECRETO: “AMPLIACION DO PLAZO DE AUDIENCIA NO EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN E OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN DO APARCAMENTO DA PRAZA DO CENTENARIO”

### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/277

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/09/2024. DECRETO: “Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, NA ESPECIALIDADE DE COMPOSICIÓN, para o CMUS Profesional do Concello de Ribeira”

### 5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/321

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/09/2024. DECRETO: “Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha ASESOR/A XURÍDICO do CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) do Concello de Ribeira”

### 6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/388

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/09/2024. DECRETO: “DESISTENCIA DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO INICIADO POR DECRETO DE ALCALDÍA Nº 202404/232, E INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA E AMPLIACION DE EDIFICIO EXISTENTE PARA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE RIBEIRA””

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/369

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/09/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO “MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E ILUMINACIÓN EFICIENTE””

### 8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/370

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/09/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DE LA CONTRATACIÓN SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEOS PÚBLICOS ECOEFICIENTES EN LUGARES DE INTERÉS TURÍSTICO” FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU”



---

**9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202409/373**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/09/2024. DECRETO: "ADJUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DEL CONTRATO "MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE: ADQUISICIÓN Y COLOCACIÓN DE SEÑALIZACIÓN ACCESIBLE Y PLANO/MAPA TACTOVISUAL SONORO". ACTUACIONES DE EMBELLECIMIENTO DEL LITORAL GALLEGO, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, LÍNEA 3: TRANSICIÓN ACCESIBLE E INCLUSIVA PARA UN TURISMO MÁS COMPETITIVO"

---

**10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/010**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 01/10/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POR "LIJÓ INSTALACIONES Y SERVICIOS DEL BARBANZA, S.L" PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DE DIVERSOS CONTRATOS"

---

**11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202410/011**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 01/10/2024. DECRETO: "CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POR "JESÚS MARÍA LIJÓ AGEITOS" PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DE DIVERSOS CONTRATOS"

---

**12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

10360 25.04.2024 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., en repres. COMUNIDAD PROPIETARIOS EDIFICIO COROSO DE RIBEIRA, mantemento de fachadas e cuberta, na rúa Vionta, nº 5, Ribeira.

---

**13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16010 20.06.2024 SOCIEDAD GESTIÓN ACTIVOS REESTRUCTURACIÓN BANCARIA S.A., limpeza interior de 3 bloques construídos, tapiar os ocios abertos nas súas fachadas, eliminar elementos con



risco de caída e revisión de elementos na cuberta, só nas partes que carecen de tella ou estén soltas, na rúa 1 Cubeliño, 22, Ribeira.

---

**14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20247 09.08.2024 BEATRIZ BACARIZA CADILLO, colocación illante no tellado, na rúa Barreira, nº 19, Ribeira.

---

**15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20528 14.08.2024 IVAN NOYA GAGO, reforma de baños, na rúa Cristóbal Colón, nº 42, portal 2, piso 3-B, Ribeira.

---

**16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21236 27.08.2024 JIN TINGTING, renovar tellado de un "almacenito", na Avda. da Coruña, nº 37, Ribeira.

---

**17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21426 29.08.2024 PROMOCIONES AVENIDA DE ALCABRE S.L., impermeabilización medianeira edificación en ruinas sin uso, na rúa de Galicia, 83, Ribeira.

---

**18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



22817 13.09.2024 JOSEFA PIÑEIRO MARTÍNEZ, arranxo desprendemento de cemento e colocar chapas de madeira nas fiestras, na rúa do Sal, nº 9, Ribeira.

---

**19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17271 03.07.2024 JUAN MANUEL BAAMONDE REIRIZ, mantemento de tellado e reforma de fachadas, na rúa Irmandiños, nº 28, Ribeira.

---

**20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8341 04.04.2024 ROSA MARÍA PÉREZ REY, arranxo de cuberta e cambiar tres fiestras, na rúa Concheiras, 22, Aguiño.

---

**21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (10)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16760 28.08.2024 ANTONIO PÉREZ RIVAS, cambio de tella, na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, nº 16, Ribeira.

---

**22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (11)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

22095 05.09.2024 JOSÉ GRAÑA MARTÍNEZ, pintado de fachada, na rúa do Prado, 4, Corrubedo.

---

**23.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (12)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:



22004 04.09.2024 CRUZ ROJA ESPAÑOLA, actuación de mantemento do tellado, limpeza e reparación de pequenos danos, colocar caño e baixante, na Avda. do Malecón, Ribeira.

#### 24.- VAO PERMANENTE – The Logistic Box Premium

Queda sobre a mesa pendente de requisitos urbanísticos o escrito presentado por Ana Outeiral Martínez en representación de **The Logistic Box Premium**, de data 16/09/2024 (Rexistro de entrada nº 23.014), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa García Bayón, nº 1 (Ribeira).

#### 25.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE NADAL 2024-2025 DE DISEÑO DE CARTEL DE NADAL

**VISTA** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 05/09/2024, na que propón a aprobación da convocatoria e bases reguladoras do **Concurso de Nadal 2024-2025 de Deseño de Cartel de Nadal**, según o contido do citada proposta; co obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**APROBAR** a convocatoria e bases reguladoras do Concurso de Nadal 2024-2025 de Deseño de Cartel de Nadal, según o contido do citada proposta.

#### 26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DO CLUBE XUVENTÚ AGUIÑO – S.D. Xuventú Aguiño

**Visto** o escrito presentado por José Manuel Vilas Álvarez en representación da **S.D. Xuventú Aguiño**, de data 26/09/2024 (Rexistro de entrada nº 24.202), no que solicita autorización para a celebración dunha serie de actos para conmemorar o 50 aniversario do Clube Xuventú Aguiño, así como a colaboración municipal (Policía Local).

**A Xunta de Goberno**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha serie de actos para conmemorar o 50 aniversario do Clube Xuventú Aguiño.
- Prestar a colaboración municipal (Policía Local) solicitada.
- Informar ao solicitante que deberá coordinarse coa Policía Local.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



**27.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VIAL EN RÚA DAS PITAS (CORRUBEDO) – Jorge Agulló García**

**Visto** o escrito presentado por **Jorge Agulló García**, de data 10/07/2024 (Registro de entrada nº 17.907), no que solicita a instalación dun sinal de tráfico de estreitamento de vía para impedir que os vehículos de grandes dimensións accedan á mesma por supeñer un perigo para a seguridade vial.

**Visto** o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 26/09/2024.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** acceder ao solicitado e que se proceda á prohibición á entrada na Rúa das Pitás (Corrubedo), nos seus dous puntos de confluencia coa AC-303, coa sinal R-101 de entrada prohibida, nunha delas con panel informativo coa lenda “excepto residentes”, e na outra (entrada ao cemiterio) coa lenda “excepto residentes e cemiterio”, según o contido do citado informe policial.

**28.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO 61/2022 DO XULGADO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Auto nº 61/2022, de data 09/05/2022, remitido polo Xulgado Contencioso – Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela mediante oficio de data 03/09/2024 (Registro de entrada nº 21.932), polo que se desestima o recurso de apelación interposto por Xarás, S.L., Concello de Ribeira e Puntos Bajo Coste, S.L, contra auto ditado polo Xulgado Contencioso – Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, de data 22/12/2022, derivado do procedemento ordinario 36/2022.

**29.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 287/2022 DO XULGADO CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da Sentenza nº 287/2022, de data 09/05/2022, remitido polo Xulgado Contencioso – Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela mediante escrito de data 24/09/2024 (Registro de entrada nº 23.874), polo que se se desestima o recurso de contencioso – administrativo interposto por Manuel Vidal Suárez, sobre impugnación da resolución do 22/07/2018 que estima o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data 03/08/2017 (P.O. 397/2017).

**30.- DACIÓN DE CONTA DA PROGRAMACIÓN DE DINAMIZACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE OUTUBRO 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe da Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 01/10/2024, relativo á programación de dinamización do uso do galego que se vai levar a cabo no mes de outubro de 2024 baixo a coordinación do Servizo de Normalización Lingüística (SNL).



### 31.- CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME IX

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Promoción económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 01/10/2024, relativa á convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume IX, e na que expón:

*“O Concello de Ribeira resultou beneficiario dunha subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para levar a cabo o Obradoiro de Emprego "TAHUME IX", entre os concellos de Ribeira e Porto do Son, segundo Resolución ditada polo Xefe Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de data 05/10/2023 (expediente número 15/00028/2023), ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e tamén resultou beneficiario dunha subvención para incentivos á contratación laboral, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida no obradoiro de emprego, para que contraten a alumnado do obradoiro de emprego durante 3 meses a xornada completa, ascendendo á cantidade de 30.000€ (20 contratos \*1.500€/contrato), para o que hai que publicar unha convocatoria de axudas á inserción laboral a través de incentivos á contratación das persoas participantes no obradoiro de emprego Tahume IX”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume IX”.

### 32.- AUTORIZACIÓN Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DA “I MILLA DE LA HISPANIDAD – RIBEIRA”

LOGO DE VER que D. Israel Benítez Somoza, en representación da escola de boxeo “El Canario”, presenta escrito de data 25/10/2023, con número de rexistro de entrada municipal 24.960, solicitando autorización para poder celebrar a “I Milla de la Hispanidad – Ribeira”, ocupando a zona do Malecón, entre a rotonda do centro de saúde e a rotonda das Amas de Casa, o sábado 12 de outubro de 2024, de 16.00 a 20.00 horas. Tamén solicita a cesión de diverso material para o desenvolvemento da proba: 10 vallas, 4 mesas e 1 carpa.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
- Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.



#### FIRMANTE - FECHA





E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 01-10-24, así como a a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón de data 01-10-24, favorable á mesma con condicionantes.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización ao club Escola de Boxeo “El Canario” para a celebración da “I Milla de la Hispanidad – Ribeira”, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **12 de outubro de 2024** de 16.00h. a 20.00h. e a celebración deberá realizarse na **PRAZA DE ESPAÑA**. Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba, será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- Ceder para o desenvolvemento da proba o seguinte material: 10 vallas, 4 mesas e 1 carpa.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

### 33.- AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATURAL SPORT VIDELGI, PARA A REALIZACIÓN DO “CAMPIONATO CIDADE DE RIBEIRA DE TAEKWONDO”

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Natural Sport Videlgi, presenta escrito de data 19/08/2024, con número de rexistro de entrada municipal 20.680, solicitando o polideportivo A Fieiteira para a celebración do “Campionato Cidade de Ribeira de Taekwondo”, os días 11,12 e 13 de outubro de 2024.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte: “Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.



#### FIRMANTE - FECHA



3. O polideportivo municipal A Fieiteira, non ten actividade programada para as datas solicitadas.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 01-10-24, así como a a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón de data 01-10-24, favorable á mesma con condicionantes.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira ao Club Natural Sport Videlgi”, para a celebración do “Campionato Cidade de Ribeira de Taekwondo”, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días:
  - **11 de outubro**: de 15.30 h. a 22.30 h..
  - **12 de outubro**: de 08.00 h. a 21.00 h..
  - **13 de outubro**: de 08.00 h. a 15.00 h.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa ( Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.



**34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAIS DE HOSTALERÍA – Miriam Paz Ramallo (ILLA – PORTO – FARO DE SÁLVORA)**

**VISTO** o escrito presentado por **Miriam Paz Ramallo**, en representación dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Aguiño), de data 02/10/2024 (Rexistro de entrada nº 24.674), no que solicita permiso para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Aguiño), o día 04/10/2024, en horario de 20:00 h. a 23:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.- Non autorizar a Miriam Paz Ramallo**, para evento musical no exterior dos establecementos hostaleiros “Bar Illa, Bar Porto e Bar Faro de Sálvora” (Aguiño), o día 04/10/2024, en horario de 20:00 h. a 23:00 h., debido a que o concello só pode autorizar eventos no interior dos locais ao tratarse dun espazo de titularidade autonómica (Portos de Galicia).

**SEGUNDO.-** Para este tipo de eventos musicais/festivos deberán solicitar autorización a Portos de Galicia.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**



**FIRMANTE - FECHA**

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 04/10/2024  
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 04/10/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/10/2024 11:38:34

DOCUMENTO: 20241408273

Fecha: 04/10/2024  
Hora: 11:38

